

::Axenda cultural AELG::

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

Mini e Mero reciben o Premio *Ramón Piñeiro-Facer País*

Publicado o **16 Setembro 2011** por [asociacionescritoras-es](#)

[Mini e Mero](#), músicos, poetas, mestres e investigadores do patrimonio cultural galego,



foron galardoados co Premio *Ramón Piñeiro-Facer País* na súa décima edición. Xosé Luís Rivas Cruz, *Mini*, e [Baldomero Iglesias Dobarrío](#), *Mero*, actuais compoñentes do grupo [A Quenlla](#), formaron parte tamén de [Fuxan os ventos](#). O xurado, integrado por representantes de 18 asociacións culturais da comarca de Sarria (Lugo) analizou e considerou 29 propostas. O premio foi instituído en 2002 pola Asociación Cultural *Val de Láncara* para recoñecer o labor senlleiro de persoas e entidades a prol de Galicia. O acto de entrega terá lugar en Láncara (Lugo) o vindeiro 15 de outubro. Os 18 membros do

xurado, representantes doutras tantas asociacións culturais da comarca de Sarria, avaliaron o constante labor dos premiados, Mini e Mero, “a prol da creación e recreación do cancionero galego e de diferentes manifestacións do noso patrimonio inmaterial, participando de modo individual ou con diferentes grupos no proceso de dignificación e recuperación das máis diversas facetas da expresión musical, incorporando ao seu repertorio creacións de poetas clásicos e modernos xunto con obras propias que gozan de xeral aceptación”. Recoñeceron asemade “o compromiso profesional de Mini e Mero como educadores a prol da galeguización do ensino e dunha escola creadora e non alleante no medio rural” e salientaron “a constante e desinteresada colaboración que os premiados prestan a colectivos culturais tanto de Galicia como da diáspora, levando a mensaxe de loita e solidariedade coas xustas reivindicacións do noso pobo”. Subliñaron por último “a súa activa participación nas actividades de recuperación da memoria histórica”. Nesta décima edición a candidatura de Mini e Mero competiu con outras 28, propostas polas distintas asociacións que colaboran con “Val de Láncara” na organización e concesión do Premio *Ramón Piñeiro-Facer País*.